



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Referencia: PCO.001.2024.00579

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E O PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE ATENCIÓN DE VISITANTES AO PAZO DE MARIÑÁN, CO CARÁCTER DE CONTRATO RESERVADO A CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO DE INICIATIVA SOCIAL E A EMPRESAS DE INSERCIÓN, DE ACORDO COA DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA DA LEI 9/2017, DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO, CÓDIGO EXPEDIENTE PCO.001.2024.00579

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña:

RESOLVO:

1. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas asinados polo Servizo de Patrimonio e Contratación, para a contratación dos **SERVIZOS DE ATENCIÓN DE VISITANTES AO PAZO DE MARIÑÁN, co carácter de Contrato reservado a Centros Especiais de Emprego de iniciativa social e a empresas de inserción, de acordo coa disposición adicional cuarta da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público**, nas seguintes condicións:

1.1. Información do contrato:

Tipo de contrato: servizos

Procedemento: aberto con multiplicidade de criterios

1.2. Prazo de execución: Dous anos a partir do 13 de novembro de 2024 ou do día seguinte á formalización do contrato, se fose posterior. O contrato poderá prorrogarse até un máximo de dous anos máis. O contrato poderá prorrogarse até un máximo de dous anos máis.

1.3. Orzamento máximo: 109.142,00 €

1.4. Valor estimado: 180.400,00 €

1.5. Financiamento: O contrato poderá financiarse con cargo á aplicación 0112/93366/22609 do seguinte modo:

Exercicio	Período	Número operación	Presuposto
2024	1 mes	RC 220240046123	4.547,58
2025	12 meses	RCP 220249000652	54.571,00
2026	11 meses	RCP 220249000652	50.023,42
Total			109.142,00

Por tratarse dun contrato de carácter plurianual, financiarase conforme o disposto no artigo 174 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O contrato queda suxeito á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigacións derivadas do contrato no exercicio correspondente. A mesma condición suspensiva rexe para as sucesivas anualidades e as eventuais prórrogas.

2. Dispoñer que o referido contrato se adxudique mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración, reservado a Centros Especiais de Emprego de iniciativa social e a empresas de inserción, de acordo coa disposición adicional cuarta da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público.